

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ABEGONDO

Corrección erros anuncio aprobación definitiva MC 8/2026

CORRECCIÓN ERROS ANUNCIO

Foi advertido un erro material no anuncio publicado no BOP núm. 123 do 2 de xullo de 2026, polo que se publica de novo o anuncio emendado.

ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA MC 8/2026

EXPEDIENTE: 2026/T002/000008

O Pleno desta Corporación aprobou na sesión ordinaria realizada o día 28 de maio de 2026 o expediente de modificación de créditos MC 8/2026 de suplemento de crédito e crédito extraordinario, dentro do vixente Orzamento Municipal, por un importe de cincocentos noventa e nove mil catrocentos trinta e dous euros con trinta e cinco céntimos (599.432,35 €).

O anuncio de aprobación inicial foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 103 do 3 de xuño de 2026, na sede electrónica do Concello de Abegondo e no taboleiro de anuncios municipal.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública pública sen que se presentasen reclamacións, considérase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, e faise público o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos do referido Orzamento, que queda como segue:

CAPÍTULOS	INGRESOS	CAPÍTULOS	GASTOS
1. Impostos directos	2.160.232,37	1. Gastos de persoal	2.164.886,93
2. Impostos indirectos	180.000,00	2. Gastos correntes bens e servizos	3.569.241,94
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	683.500,00	3. Gastos financeiros	7.500,00
4. Transferencias correntes	4.115.938,11	4. Transferencias correntes	317.047,93
5. Ingresos patrimoniais	7.200,00	5. Fondo continxencia e outros imprevistos	0
6. Alleamento de investimentos	0	6. Investimentos reais	4.676.309,17
7. Transferencias de capital	1.165.561,90	7. Transferencias de capital	53.865,07
8. Activos financeiros	2.660.355,02	8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	0	9. Pasivos financeiros	183.936,36
TOTAL	10.972.787,40	TOTAL	10.972.787,40

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Abegondo, 3 de xullo de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2026/4498